

NORMATIVA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO (TFG) DA FACULTADE DE CIENCIAS DO MAR

(Aprobado en Xunta de Facultade de 12 de Abril de 2012)
(modificada en Comisión Académica TFG de 15 de xuño de 2015)


O TFG de Ciencias do Mar realizarase na fase final do plan de estudos coas seguintes características:

Definición do TFG:

- O traballo será de carácter teórico e/ou práctico sobre calquera aspecto relacionado coas Ciencias do Mar, realizado de forma individual e supervisado por Profesores da titulación ou profesores externos. - O TFG non terá necesariamente carácter de investigación.
- O TFG poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo. Neste caso existirá a figura dunha persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da titora académica facilitar a xestión.
- O TFG será orixinal para o alumno e que permita mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e competencias asociados ao título.
- O TFG constará dun módulo de 12 créditos, para cuxa avaliación o alumno elaborará unha memoria escrita e posteriormente a defenderá publicamente diante dun Tribunal.
- As tarefas de xestión e coordinación do TFG estarán baixo a supervisión da Comisión Académica do TFG da Facultade de Ciencias do Mar.
- A Comisión Académica do TFG estará formada polo Equipo Decanal, o Coordinador do Grao e os catro Coordinadores de curso e será nomeada pola Xunta de Facultade a proposta do Equipo Decanal.
- En función do número de alumnos matriculados e das liñas ofertadas a Comisión do TFG poderá propor mais dun tribunal.
- O Tribunal ou Tribunais que xulgarán os TFGs estarán compostos por tres membros (Presidente, Secretario e Vocal) e cada ano serán nomeados un tribunal titular e un suplente pola Xunta de Facultade a proposta da Comisión Académica do TFG. Tódolos membros do Tribunal deberán ser profesores no Grao en Ciencias do Mar.

Procedemento e titorización:

1. Establecemento e aprobación do calendario de todos os procedementos do TFG pola Comisión Académica do TFG.



Facultade de Ciencias do Mar

Universidade de Vigo


2. Poderá actuar como titor académico calquera docente da Universidade de Vigo, co visto e prace da Comisión Académica de TFG.
3. Os profesores da Universidade presentarán no Decanato as liñas de TFG que queren ofertar en cada ano académico.
4. Cada profesor establecerá un máximo de dúas liñas y 1 alumnos por liña ou unha liña con dous alumnos/as que poderá titorizar. Só en casos excepcionais a Comisión Académica do TFG poderá ampliar este número previa petición debidamente xustificada.
5. O profesorado poderá ofertar traballos en dúas modalidades:
Modalidade 1: por previo acordo co alumno.
Modalidade 2: oferta dunha liña para o resto do alumnado.
Sempre que se oferte unha liña de traballo na modalidade 1 deberase ofertar outra na modalidade 2.
6. A Comisión Académica do TFG aprobará se procede as liñas ofertadas polos titores.
7. O decanato publicará o listado de titores e liñas do TFG para cada ano académico.
8. Os alumnos que non estableceran acordo previo co profesorado elixirán en orden priorizada un mínimo de cinco liñas que desexan cursar e o seu titor.
9. A Comisión Académica do TFG asignará cada estudante as liñas de TFG en función do expediente académico.
10. En todo caso a Comisión Académica do TFG garantirá a asignación dun TFG a todos os alumnos.

Presentación e Avaliación do TFG:

1. Para poder cursar o TFG será requisito necesario ter matriculadas todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos.

2.- A cualificación figurará en Acta unha vez o estudante dispoña de todos os créditos aprobados, segundo a disposición xeral da UVIGO non podendo defender o Traballo Fin de Grao sen ter todas as materias aprobadas

3.- A presentación e defensa da memoria dos TFG farase durante o período de avaliación de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Facultade. Os alumnos que non superen o TFG poderán presentar e defender unha nova memoria do mesmo proxecto nas convocatorias extraordinarias A presentación e defensa da memoria dos TFG farase durante o período de avaliación do segundo semestre de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Facultade. Os alumnos que non superen o TFG poderán presentar e defender unha nova memoria do mesmo proxecto durante o período extraordinario de avaliación de Xullo.



Facultade de Ciencias do Mar
Universidade de Vigo

4. A Comisión Académica do TFG deberá aprobar e publicar con suficiente antelación a data límite para a entrega da memoria escrita e a data de exposición e defensa pública do traballo para cada período de avaliación.
5. Se algún estudante non supera a materia durante o curso académico correspondente, poderá solicitar diante da Comisión Académica que se lle manteña o mesmo proxecto para o curso seguinte.
6. O alumno deberá entregar no Decanato da Facultade de Ciencias do Mar 4 exemplares en papel e un en formato electrónico da súa memoria do TFG, e non deberá ter unha extensión de mais de 30 páxinas, e terá que seguir as normas de edición segundo o formato establecido.
7. Previamente a súa defensa pública, cada Titor deberá subir na aplicación informática a través da secretaria virtual o informe de conformidade e entregar no decanato o informe de cualificación cunha nota numérica entre 0 e 10 puntos (30% da nota final).
8. Cada alumno exporá e defenderá publicamente a memoria elaborada diante do tribunal do TFG que actuará durante un curso académico.
9. O tribunal fará público o horario e a orden de presentación dos TFG previo á data de exposición. A duración de exposición da súa memoria será de un mínimo de 15 e un máximo de 20 minutos, con un máximo de 10 minutos de preguntas por parte do tribunal.
10. O Tribunal puntuará o TFG con unha nota numérica entre 0 e 10 puntos (70% da nota final).
11. A cualificación final sobre 10 puntos estará formada pola suma ponderada da nota do titor e a nota do tribunal do TFG, e trasladarase á acta polos membros do tribunal.
12. Calquera incidencia que poida xurdir durante o desenvolvemento dos TFG será tratada e resolta pola Comisión Académica do Traballo de Fin de Grado.